

CC.OO., UXT e USO asinan o convenio definitivamente, esquecendo ao persoal de almacén e oficinas e rebaixando melloras que xa estaban concedidas

O pasado 27 de xaneiro asinouse o texto definitivo do convenio de comercio de alimentación da provincia da Coruña.

Estes son todos os cambios introducidos no convenio:

- VIXENCIA: 3 anos (2009-2010-2011),
- SUBA SALARIAL: 28€ lineais para tódalas categorías cada ano.
- Establécese un salario de promoción de 21€/mes para os traballadores do grupo IIIA (dependentes/as e caixeiros/as).
- Suba de 3'62€ do salario de promoción da categoría de Mozo.
- CLÁUSULA DE REVISIÓN: IPC + 0% aos 3 anos.
- As xornadas a tempo parcial que non pasen de 4 horas deberán de ser continuadas. A empresa informará das vacantes a tempo completo (só informará, sen ningunha obriga).
- Descanso para xornadas de traballo superiores a 6 horas: 20 minutos.
- Restrínxese o desprazamento temporal a centros en concellos limítrofes.
- En canto a licenzas, equiparación das intervencións cirúrxicas sen hospitalización que precisen repouso domiciliario á hospitalización.
- Aumento a 18 días da licenza por lactación.
- Ampliación do dereito de redución de xornada por coidado de fillos de até 10 anos.
- Concédese o tempo necesario para renovar permisos de traballo e residencia aos traballadores estranxeiros.

Asombrosamente, na sinatura final, a patronal non incluíu algunhas melloras que xa concedera ao longo da negociación. Aos sindicatos asinantes non lles pareceu mal. Por ex.: aumento do 20 ao 25% do plus de nocturnidade, aumento da indemnización por despedimento en caso de mobilidade xeográfica de 25 a 30 días, regulación da recuperación de vacacións en caso de baixa...

Durante toda esta negociación, incluíndo a folga, a CIG foi unha parte vital que puxo moi alto o nivel da negociación e liderou unhas mobilizacións impensables anos atrás, cando aínda non contabamos co apoio de tantos traballadores e traballadoras. Sen embargo, non asinamos este convenio principalmente porque discrimina e esquece a unha parte importante dos traballadores do sector: os compañeiros dos almacéns e das oficinas. Hai outros que presumen de sindicatos solidarios, nós sómolo. Nunca imos asinar un convenio que non aplique por igual as súas cláusulas a tódolos traballadores, e continuaremos traballando igual que até o de agora para solucionar estes agravios.

Somos conscientes de que a promoción profesional que recolle o convenio para as categorías das tendas depende moito da antigüidade que teña recoñecida o persoal. Antigüidade que as empresas se esforzan en camuflar de distintas maneiras: cambios de empresa, contratación en fraude de lei, perda de antigüidade ao cambiar de contrato... A CIG continuará pelexando para que as empresas deixen de utilizar estas estratagemas ilegais.

TÁBOAS SALARIAIS

| Grupo profes. | Nivel retrib. | Categorías Incluídas | 2009 | | 2010 | | 2011 | |
|---------------|---------------|--|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|
| | | | Salario base | Salario anual | Salario base | Salario anual | Salario base | Salario anual |
| III | A) | Dependente/a, caixeiro/a, profesional de oficio de 1ª, capataz/a-encargado/a | 889'86 | 13.347'90 | 917'86 | 13.767'90 | 945'86 | 14.187'90 |
| | A)(S.P.) | Grupo IIIA (Salario promoción) | 21'00 | 315'00 | 21'00 | 315'00 | 21'00 | 315'00 |
| | B) | Auxiliar de caixa (a caixeiro/a), auxiliar administrativo/a, operador/a, profesional de oficio de 2ª, mozo/a especializado/a | 848'28 | 12.724'20 | 876'28 | 13.144'20 | 904'28 | 13.564'20 |
| | B)(S.P.) | Grupo IIIB (Salario promoción) | 16'29 | 244'35 | 16'29 | 244'35 | 16'29 | 244'35 |
| | C) | Axudante/a de dependente/a (a dependente/a.), repoñedor/a (a aux. caixa), envasador/a, marcador/a, cobrador/a, profesional de oficio de 3ª, conserxe, vixiante, mozo/a | 830'90 | 12.463'50 | 858'90 | 12.883'50 | 886'90 | 13.303'50 |
| | C)(S.P.) | Grupo IIIC (Salario promoción) | 21'00 | 315'00 | 21'00 | 315'00 | 21'00 | 315'00 |

Plus de Transporte (2009): Tódalas categorías (12 pagas) 64'46 (en 2010 e 2011 aumentará segundo o IPC real a fin de ano)
Axuda escolar (2009): 65'58 (en 2010 e 2011 aumentará segundo o IPC real a fin de ano)

Axudantes/as de dependente/a (IIIC) aos 3 anos pasan a dependentes/as (IIIA).

Repoñedores/as (IIIC) aos 3 anos pasan a auxiliares de caixa (IIIB).

Auxiliares de Caixa (IIIB) aos 3 anos pasan a Caixeiros/os (IIIA).

Mozos/as, oficiais de 3ª ou 2ª, mozos/as especializados/as e auxiliares administrativos/as non pasan nunca a ningunha outra categoría.

O persoal que leve 3 anos na categoría IIIA cobrará o salario de promoción.

O persoal que leve 5 anos na categoría IIIB cobrará o salario de promoción.

O persoal que leve 3 anos na categoría IIIC cobrará o salario de promoción.

As empresas non teñen obriga de paga-los atrasos até que saia publicado o convenio, dentro de dous meses como mínimo.

ATRASOS de 2009:

- Para tódalas categorías: 392€ de salario e 6'12€ de transporte (0'52€ de Axuda escolar).

- Para dependentes/as e caixeiros/as: 21€/mes a partir de que se cumpran 3 anos de antigüidade na categoría (294€ se xa se levaban eses 3 anos a 1 de xaneiro de 2009).

SERVIZOS

www.cigservizos.org

- Para mozos/as (IIC): 3'62€/mes a partir de que se cumpran 3 anos de antigüidade na categoría (50'68€ se xa se levaban eses 3 anos a 1 de xaneiro de 2009).

ATRASOS de 2010:

- Para tódalas categorías: 28€ por cada mes (na paga de marzo tamén) que pase até que se cobre finalmente (e 0'51 do transporte).

- Para dependentes/as e caixeiros/as con 3 anos de antigüidade: 21€ cada mes (tamén na paga de marzo) até que se cobre.

- Para mozos/as (IIC) con 3 anos de antigüidade: 3'62€ cada mes (tamén na paga de marzo) até que se cobre.

Os traballadores que estiveran nalgunha empresa afectada polo convenio e que actualmente xa non pertencen a ela poden reclama-los atrasos correspondentes. Poñédevos en contacto connosco para realiza-las xestións oportunas.